



# PLAN DE CONVIVENCIA

Actualizado e aprobado no Claustro e Consello Escolar

do 22 de novembro do 2022

## **ÍNDICE.**

1. INTRODUCIÓN.

2. ANÁLISE E SITUACIÓN NO CENTRO.

2.1. Características do contorno.

2.2. Axentes responsables da xestión e organización da convivencia escola.

2.3. Análise da situación da convivencia.

2.4. Conflitividades detectadas no Centro.

2.5. Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e a súa eficacia.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E NECESIDADES.

4. ACTUACIÓN E MEDIDAS QUE SE VAN A DESENVOLVER:

Organizativas, curriculares e de coordinación.

Comisión de Convivencia.

5. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOFC)

5.1. Consideracións previas.

5.1.1. Criterios para a adopción de medidas correctoras.

5.1.2. Atenuantes e agravantes da responsabilidade.

5.1.3. Protocolo de actuación para abordar o conflito.

5.2. Normas xerais.

5.2.1. Normas de organización de centro.

a) Para o profesorado.

b) Para o alumnado

c) Normas adicionais persoas alleas.

5.2.2. Normas de obrigado cumprimento por parte do alumnado:

\*Uso do teléfono móvil.

5.2.3. Ámbito de aplicación de conducta.

5.3. Condutas leves contrarias á convivencia. Faltas leves.

5.3.1. Medidas correctoras.

5.3.2. Axentes competentes para impoñer as medidas correctoras.

5.3.3. Prescripción das condutas leves.

5.3.4. Prescripción das medidas correctoras.

5.4. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. Faltas graves.

5.4.1 Medidas correctoras.

a. Responsabilidade e reparación dos danos.

b. Procedemento sancionador.

6. ACTUACIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

7. ESTRATEGIAS PREVENTIVAS, DE SENSIBILIZACIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS.

8. MEDIDAS CORRECTORAS NO TRANSPORTE ESCOLAR

9. MEDIDAS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMIENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

10. COLABORACIÓN CON ENTIDADES E RECURSOS DO ENTORNO.

11. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

12. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

13. ANEXOS:

ANEXO I. Cuestionario de convivencia escolar no centro educativo.

ANEXO II. Avaliación do plan de convivencia.

## **1. INTRODUCIÓN.**

Os centros educativos son espazos onde compartir vivencias e aprender a convivir. A organización das estratexias que se deben adoptar para educar na convivencia democrática, require da promoción dun espazo de consenso de toda a comunidade educativa: escola, familia, institucións locais e asociacións,...

Entendemos por convivencia escolar a capacidade que temos as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

O Plan de Convivencia forma parte do Proxecto Educativo do Centro e articula a convivencia escolar, e ten por finalidade favorecer propostas educativas que axuden ao centro a conseguir a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, así como no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, a desenvolver a motivación do alumnado pola aprendizaxe, e mellorar a cohesión e as relacións internas de cada grupo, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

A preocupación social polo aumento de conflitividade nas aulas e a necesidade de educar na xestión pacífica dos conflitos vese plasmada na

lexislación europea, estatal e autonómica, especialmente na Constitución de 1978, nas leis orgánicas que a desenvolven en materia de educación, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a lexislación que del emana, especialmente a Lei 4/2011de convivencia e participación da comunidade educativa, sen esquecer a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais en materia educativa ratificados por España.

## 2. ANÁLISE E SITUACIÓN NO CENTRO.

### 2.1. Características da contorna.

O IES Valadares está situado a carón da Avenida Clara Campoamor, na parroquia de Valadares, que une o casco urbano de Vigo, o Parque Tecnolóxico e o Campus da Universidade de Vigo das Lagoas-Marcosende co Segundo Cinto de Circunvalación, a Autoestrada do Atlántico e a Autovía das Rías Baixas.

A poucos metros do IES Valadares se atopa o CEIP Sobreira-Valadares, que toma o seu nome do lugar da Sobreira, onde está construído.

Nas inmediacións do Instituto, ademais do colexiо mencionado e os lugares de A Garrida e A Sobreira, están os montes veciñais propiedade da Comunidade de Montes da parroquia de Valadares, entidade que no seu momento cedeu os terreos para a construcción do Instituto.

Con respecto á parroquia de Valadares, onde se atopa o Instituto, goza dos servizos propios dunha entidade de poboación media: biblioteca, auditorio, organizacións culturais e deportivas,... Como a parroquia de Valadares, tamén gozan destes servizos (en maior ou menor medida) as parroquias de Castrelos, Matamá e Zamáns, de onde veñen a grande maioría do alumnado do Instituto.

O alumnado do IES Valadares procede, case na súa totalidade, dos catro colexios públicos adscritos: o CEIP Sobreira-Valadares, o CEP Igrexa-Valadares, o CEIP Josefa Alonso-Matamá e o CEIP Mestres Goldar-Castrelos. En poucos casos, chega ao Instituto alumnado procedente doutros colexios (en 1º ESO) ou institutos (nos restantes niveis), por petición propia presentando a solicitude de admisión no prazo establecido pola Administración Educativa, ou enviados pola Comisión de Escolarización (por razóns diversas).

Nos últimos cursos académicos, o número de alumnado matriculado e de 333, distribuídos en 12 grupos: 4 grupos de 1º e 2º, e 3 grupos de 3º e dous de 4º, incluíndo os grupos acollidos a o Plan de Mellora, Adaptación e Reforzo (en 3º e 4º da ESO), o que da unha ratio de 24 alumnas e alumnos por clase. No presente curso académico contamos con 29 mestres e profesores con destino definitivo no Instituto, máis 7 profesores con destino provisional e ún con contrato laboral indefinido.

No relativo ás instalacións, o IES Valadares dispón praticamente todas as súas aulas entre a planta baixa e a primeira planta a ámbolos dous lados de cadanxeu corredor, sendo as da planta baixa aulas de grupo, e as da primeira planta aulas de materia (onde o alumnado se dirixe para realizar as actividades lectivas correspondentes a unha materia concreta) Hai asemade en ámbalas dúas plantas aulas de informática, aulas-taller, laboratorios,... Son moitos os alumnos e alumnas que se desprazan dunhas aulas cara outras nos cambios de clase, ateigando os corredores, polo que temos especial control do alumnado neses momentos.

As familias son, na súa maioría, de extracto social medio-baixo con expectativas académicas moi diversas con respecto aos seus fillos e fillas, na maioría das veces preocupándose pola súa educación e rendemento e agardando a consecución do título de graduado, algúns con intención de integrarse no mercado laboral e outros coa pretensión de continuar os estudos post-obrigatorios. Noutros casos, os menos, hai familias que por razóns diversas (desestruturación, baixo nivel económico e cultural,...) fan un escaso seguimento, chegando a desentenderse por completo, do rendemento escolar dos seus fillos.

Nalgúns casos, se encontran situacións nas que os alumnos non son supervisados nas súas tarefas escolares por atoparse solos durante as tardes debido a que os seus pais están traballando.

Por outra banda, indicar que existe unha asociación de nais e pais de alumnos que colabora activamente co Instituto no desenvolvemento de distintas actividades ao longo do curso.

## **2.2. Axentes responsables da xestión e organización da convivencia escolar.**

Partimos do principio de que todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar, cada un na esfera que máis directamente lle corresponda. Deste modo, toda a comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Co fin de potenciar a participación e seguimento do Plan de Convivencia, engádense funcións a órganos xa existentes -Consello Escolar, Claustro, equipo directivo, órganos de coordinación docente-, modifícase a estrutura e

amplíanse as funcións da Comisión de Convivencia e créase outro novo, o Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Funcións do Consello Escolar**

Ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da LOMCE, a Lei de Convivencia atribúelle as seguintes competencias:

1. Elixir as persoas representantes da Comisión de convivencia.
2. Establecer directrices para a elaboración do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.
3. Realizar anualmente o seguimento e avaliación do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.
4. Propoñer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

### **Funcións do Claustro**

1. Realizar propostas para a elaboración do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.
2. Participar na avaliación periódica da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do Plan de Convivencia.
3. Propoñer actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

### **Funcións do equipo directivo**

1. Desempeñar as competencias da Comisión de Convivencia se esta non está constituída.
2. Impulsar as actividades previstas no Plan de Convivencia así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

### **Funcións do director/a**

1. Garantir as condicións para que exista no centro un axeitado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
2. Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos establecidos no Plan de Convivencia.
3. Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.
4. Impoñer as medidas correctoras.

### **Funcións do xefe/a de estudos**

1. Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no Plan de Convivencia do centro
2. Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no Plan de Convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción titorial e de atención á diversidade do centro.
3. Promover as actuacións da mediación.
4. Organizar a atención educativa ao alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro

### **Funcións dos órganos de coordinación docente**

No seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o Plan de Convivencia e as normas de convivencia do centro, de modo que figuren nas concrecións curriculares correspondentes.

### **A Comisión de Convivencia. Funcións.**

Elaborar o Plan de Convivencia, adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos dos membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro, impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, proponer ao Consello Escolar medidas oportunas para mellorar a convivencia, elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro na que se reflectan as iniciativas a nivel centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.

### **2.3. Análise da situación da convivencia.**

As actuacións dirixidas cara a convivencia no Instituto deben ter un enfoque construtivo e positivo, polo que as actuacións deben ir encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos axeitados para unha mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos, a través da participación, boas canles de comunicación e a prevención de problemas de conduta.

En xeral, o alumnado do IES Valadares dentro do seu rango de idades presenta unhas características moi homoxéneas e propias da etapa da súa vida: a adolescencia. Se trata dun alumnado que require dun certo control polo profesorado, no que se guíe de cerca o seu proceso educativo. Nos cursos de 2º e 3º de ESO presentan actitudes de rebeldía fronte aos pais, ao seu profesorado e ao sistema en xeral que provocan pequenos conflitos cos demais. Asemade, cos iguais pretenden facer valer esa rebeldía como modo de reafirmación da súa identidade; o que trae consigo, ás veces, conflitos entre o alumnado e potencia os comportamentos disruptivos nas aulas.

Entre o profesorado, as relacións son boas; existindo un clima que fomenta a participación do centro nos proxectos e plans dispostos pola Administración Educativa e outras. Respecto das familias, as relacións que manteñen co profesorado poden cualificarse de boas; sendo praticamente ocasionais as situacións onde se produzcan conflitos. Nestes casos, adoitan acontecer xustamente naquelas familias que amosan unha certa desatención

ou sobreprotección respecto á educación dos seus fillos e fillas, onde se presentan situacíons de desatención, absentismo escolar,...

Se pode cualificar, na actualidade, o clima de convivencia no Instituto de bo, tendo en conta as boas relacíons interpersoais entre o alumnado, entre este e o profesorado, e entre o profesorado e as familias.

#### 2.4. Conflitividades detectadas no Centro.

A pesares de todo, se dan situacíons que rompen este bo clima. É normal, nun espazo onde conflúen unha certa cantidade de individuos, que xurdan conflitos, pois o centro educativo é un espazo de vida onde, ás veces, chocan os intereses persoais ou de grupo, onde se poden producir malos entendidos, etc. Cando algo disto ten lugar, o centro procura encauzalos de forma positiva procurando corrixir as situacíons de conflito e evitar que se volvan a producir nun futuro. Entre as situacíons más habituais e destacables, están:

- a) *Os roces entre alumnos*, que ás veces terminan en pelexas. A orixe destes conflitos é normalmente debida a malos entendidos entre alumnos, ben individualmente ou en grupo, habitualmente por temas afectivos, por rupturas de amizades ou desencontros sentimentais. Ás veces constitúen (e se ven potenciados por este motivo) demostracións de poder e un xeito de manter unha certa imaxe fronte aos demais; sendo así que, en ocasíons, os propios alumnos se ven empuxados á pelexa (sen desexalo) polo resto do grupo.
- b) *Situacíons de acoso leve entre alumnos*, que xorden polas malas relacíons interpersoais ou ruptura de amizades dentro da aula. En moitas ocasíons se repite o mesmo patrón: se trata de accións dirixidas contra o individuo máis débil do grupo, ben por atoparse illado dos demais ben por ser distinto (por calquera motivo). O Instituto debe detectar estas situacíons, de xeito temperán, para evitar que se agraven e causen males maiores entre o alumnado involucrado e un

deterioro da convivencia xeral do centro. Por outra banda, é habitual que os alumnos e alumnas implicados nestes comportamentos non sexan conscientes destas situacións e non consideren reprobables estes comportamentos ata que as súas consecuencias se agravan.

- c) *Comportamentos disruptivos nas aulas*, manifestados en dirixirse con malos modos aos seus profesores e interromper o normal decorrer das actividades lectivas desenvolvidas na aula, todo elo protagonizado por alumnos desmotivados e carentes de interese polas ensinanzas que se imparten na aula. Se trata dunhas actitudes de "baixa intensidade" que non sendo graves si son moi molestas por repetidas. Habitualmente, dentro deste alumnado se atopa aquel que se atopa no umbral do "fracaso escolar" e que se ve obrigado a asistir ao Instituto por non ter acadado a idade de 16 anos.
- d) *Absentismo escolar*. Hai sempre unha porcentaxe mínima de alumnado que presente un elevado grao de absentismo escolar, nalgunhas ocasións caracterizado por faltar a determinadas horas do día ou días da semana concretos, e outras (as más graves) por non asistir ao centro durante períodos prolongados de tempo que é posto en coñecemento dos servizos sociais do Concello e do Xefe Territorial.
- e) *Falta de puntualidade*. Aínda que non se trate de absentismo escolar (no sentido que se lle outorga), hai un certo número de alumnos que chegan tarde á primeira hora (non é habitual pois a maioría dos rapaces chegan ao Instituto utilizando o transporte escolar) aducindo que se quedan durmidos (e non hai ningúén na casa para espertalos). Tamén se produce este mesmo comportamento, nos cambios de clase pois algúns alumnos (normalmente os mesmos dentro do grupo) se demoran na chegada á clase seguinte provocando a perda dun período de tempo significativo.
- f) *Falta de implicación e participación das familias na tarefa educativa*. Aínda que non é frecuente unha total falta de implicación das familias na tarefa educativa dos fillos, si que se producen casos en

que resulta difícil convocar, e incluso contactar, coas familias para informarllas da situación escolar dos seus fillos; en moitas ocasións, esta situación é debida a problemas para poder ausentarse da actividade laboral por parte dos proxenitores. Frecuentemente, coinciden nos mesmos alumnos esta situación coa aparición de baixo rendemento académico, comportamento disruptivo, falta de motivación para o estudo,...

- g) *Baixo rendemento escolar* que xera desmotivación, absentismo, malos modos, pasividade ante as tarefas educativas, comportamento disruptivo. É, en suma, a causa fundamental de moitos dos conflitos que despois xorden na poboación escolar.
- h) *Ruído e desorde nos desprazamento, malos modos, linguaxe non axeitado,...* Tanto os primeiros coma os segundos son unha potencial fonte de conflitividade pois dan lugar a pequenos roces e disputas que constitúen un plus de agresividade nas relacións entre iguais. A erradicación destes comportamentos no centro constitúe un xeito de mellorar as habilidades do alumnado no relativo á adquisición da competencia social e cidadá.

No relativo aos ruídos e ao desorde nos desprazamentos, a arquitectura do centro, fundamentada na distribución de aulas ao longo de corredores rectos e un amplio vestíbulo diáfano no que se concentran os ruídos procedentes dos corredores das distintas plantas do edificio, potencia estas sensacións. Por outra banda, os corredores presentan estreitamentos que provocan retencións no momento dos desprazamentos de alumnado nos cambios de clase. Neses momentos, a elevada concentración de alumnos da lugar ao xurdimento proporcional de conflitos potenciais.

- i) *Deterioro por uso indebido de instalacións e mobiliario,* que en xeral no son graves pero ocasionan pequenos desperfectos que inflúen notablemente na convivencia do Instituto pois, normalmente,

constitúen o xerme de posibles accións vandálicas. De tódolos xeitos, hai que destacar a especial consideración que ten a maioría do alumnado coas instalacións e mobiliario.

## **2.5 Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e a súa eficacia.**

Para reducir a frecuencia dos pequenos conflitos xurdidos no seo da comunidade educativa do IES Valadares estanse a desenvolver unha serie de accións destinadas a mellorar a convivencia que poden resumirse en:

**Actuacións na diminución do fracaso escolar.** En función da dispoñibilidade de profesorado, o IES Valadares promove a aplicación de medidas de atención á diversidade nas que se inclúe a aquel alumnado que ten promocionado por imperativo legal, que ten promocionado con algunha das materias instrumentais pendentes de superar ou que repite curso. Deste xeito, se pretende reducir o seu sentimento de incapacidade fronte ás ensinanzas impartidas e darlle un tratamento (na medida do posible) específico a cada un destes alumnos.

O fracaso escolar é o xerme de moitos conflitos: malos modos, comportamento disruptivo, falta de puntualidade, deterioro das instalacións,... Incidindo neste alumnado, se pode evitar unha porcentaxe significativa deste conflitos. Na medida en que o Instituto dispoña dun amplio cadre de persoal, se poderá facer efectiva esta actuación. Neste curso temos conseguido un PT máis para mellorar a atención ao alumnado con máis necesidades.

**Aplicación das Normas de Convivencia.** Evidentemente, calquera situación de conflito que xorde dentro da comunidade educativa é tratada segundo o establecido nas Normas de Convivencia vixentes. En calquera caso, a aplicación destas normas procura sempre acadar na corrección un fin educativo (antes que punitivo).

Se pode destacar que nos últimos cursos académicos é praticamente insignificante a apertura de expedientes disciplinarios, quedando moitos dos

conflitos reducidos á cualificación de condutas contrarias á convivencia en grado leve. En calquera caso, sempre o fin último das correccións impostas foi de carácter educativo.

**Detección temprá dos casos de acoso escolar.** Tanto o profesorado como o equipo directivo do Instituto está especialmente alerta para detectar estos casos na maior brevidade.

O IES Valadares conta con 333 alumnos/as matriculados, que forman un grupo moi homoxéneo e non moi numeroso, polo que é moi raro que se produzcan casos de acoso escolar sen que se detecten por parte dalgún membro da comunidade educativa. Ademais sempre buscamos a colaboración entre o propio alumnado para a detección e a resolución destes casos.

**Relación alumnado/grupo aceptables.** Frente á disrupción na aula algunha das medidas más efectivas é, simplemente, establecer ratios que permitan un maior control da situación dentro da aula

**Seguimento diario da asistencia ao centro.** O control do absentismo escolar, que por outra parte, case que non ten incidencia na poboación escolar do noso centro, é diario, de xeito que, tódolos días se revisan na secretaría os partes de asistencia da primeira hora para detectar posibles faltas de asistencia. Estas se envían nunha mensaxe instantánea ao móvil dos pais/nais/tutores (mediante o Tok App). A xefatura de Estudos leva o control destas faltas por si son continuadas no tempo ou, no caso de que induzan a sospeita (polas horas nas que se produciron ou os grupos de alumnos que non asistiron nos mesmos períodos lectivos). Este ano comezamos de xeito experimental co uso do Abalar Móbil, para ver se o instauramos de cara aos vindeiros anos, en lugar do Tok App.

Ben é certo que, o illamento do Instituto respecto dos núcleos de poboación máis pretos da como resultado que o absentismo escolar sexa, no noso caso, un asunto restrinxido a moi poucos alumnos e alumnas. Estes

adoitan ser casos especialmente graves onde os rapaces praticamente deixan de asistir ao centro.

Por norma, os respectivos tutores e titoras fan un control da asistencia dos seus titorandos, atendendo a que as faltas de asistencia teñan unha xustificación (remitida polos seus pais no impreso correspondente). En caso contrario, en primeira instancia os tutores e, se non hai contestación satisfactoria, a Xefatura de Estudos, se poñen en contacto telefonicamente ou por correo para requirir aos pais o cumprimento das súas obrigas respecto dos seus fillos.

**Participación nos Contratos-Programa.** O centro leva tres anos solicitando estes contratos, en catro modalidades diferentes: Proa (para 1º e 2º da ESO), Desenrola da competencia Lingüística, competencia Matemática, e de Mellora da Convivencia. Todas elas favorecen o día a día, tanto na convivencia como na mellora das actividades de aprendizaxe.

**Petición de axuda aos Servizos Sociais do Concello.** Nos casos de absentismo escolar, e cando a actuación directa respecto dos pais dos alumnos absentistas non deu froitos, se pon en coñecemento dos Servizos Sociais do Concello, Fiscalía de Menores, Servizo de Menores da Xunta e do Xefe Territorial, para que sexa valorada a situación.

### **3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E NECESIDADES.**

#### **Obxectivos.**

O obxectivo último do Plan de Convivencia é a mellora da convivencia no Instituto, para isto propóñense os seguintes obxectivos xerais:

- Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, idade, crenza, relixión,...
- Fomentar a implicación das familias, tanto na transmisión aos seus fillos de valores que favorezan a convivencia na familia, no Instituto e

na sociedade, como na súa participación nas actividades do Instituto e na colaboración cos profesores na tarefa educativa.

- Mellorar as relacións entre todos os membros da Comunidade Educativa, implicándoos en todas as actividades encamiñadas a facilitar a convivencia no Instituto.
- Previr os conflitos dentro e entre os distintos sectores da Comunidade Educativa.
- Dar prioridade á educación en valores de entre os demais contidos do currículo, asignándolle espazos e tempos específicos.
- Fomentar a existencia de actividades, espazos e tempos comúns para facilitar a convivencia entre o alumnado.
- Prever unha atención específica ao alumnado que, por diversas causas, presente comportamentos que alteren a convivencia no Instituto e a daquel outro alumnado que padeza as súas consecuencias.
- Colaborar coa ANPA do centro, para que poida organizar actividades dirixidas á formación das familias, mostrándolle as ferramentas necesarias que contribúan á educación dos seus fillos e fillas.
- Desenvolver unha coordinación adecuada entre o equipo docente para que se poida dar unha boa convivencia na aula, actuando con coherencia e seguindo unha mesma liña de traballo. Deberán determinarse cales son os obxectivos básicos a conseguir co grupo.
- Fomentar a acción titorial como instrumento para desenvolver a convivencia. A través da acción titorial, o profesorado pode dispor dinámicas de consolidación do grupo, aportar información ao profesorado e ás familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais, de formas de recoñecerse a si mesmos coas súas emocións e comportamentos así como de expresar as súas opinións.

- Fomentar e adecuar o emprego das novas tecnoloxías para captar mellor a atención do alumnado e motivalo nas actividades diárias, co que a súa actitude será máis positiva.

### **Necesidades de mellora.**

En calquera caso, é preciso seguir coas actuacións descritas (e melloralas). Ao tempo, tamén debe procurarse levar adiante novas actuacións que se acomoden ás novas situacíons que poidan xurdir no Instituto. Entre as necesidades de mellora, destacan:

- Acadar un mellor rendemento escolar do alumnado que diminúa o índice de fracaso escolar e sexa un factor de motivación entre o alumnado para o seu desenvolvimento integral como cidadáns.
- Promover entre o alumnado a súa participación activa na redacción e desenvolvemento das Normas de Convivencia, na procura do respecto e a tolerancia entre os iguais, en particular, e cos demais, en xeral.
- Fomentar a participación das familias na tarefa conxunta da educación dos seus fillos.
- Actuar con rigor e precisión na avaliación da satisfacción dos distintos membros da comunidade educativa respecto da situación da convivencia no noso centro.
- Elaborar ferramentas de traballo para a detección temperán de situacíons que poidan ser o xerme de actuacións que atenten contra a convivencia no centro.
- Evitar ou, en todo caso, reducir as situacíons de conflito nos cambios de clase.
- Maior coordinación docente para abordar, baixo un criterio único, as diferentes temáticas que xorden nas aulas.
- Desenvolver metodoloxías incorporando en todas as materias as novas tecnoloxías que fomenten a participación activa do alumnado na tarefa educativa.

#### 4. ACTUACIÓNS E MEDIDAS QUE SE VAN A DESENVOLVER.

##### Organizativas, curriculares e de coordinación.

- A procura dunha correcta convivencia escolar estará presente en todas as actuacións organizativas, curriculares e de coordinación que se desenvolvan tanto no propio centro como nas actividades extraescolares ou complementarias que teñan lugar fóra del.
- O Equipo Directivo e o Observatorio da Convivencia realizarán avaliacións e proporán modificacións sobre horarios, distribución de clases, alumnos, organización das gardas, recreos,...
- O Equipo Directivo, o Claustro de Profesores e o Observatorio da Convivencia promoverán o uso sistemático dos protocolos establecidos e o cumprimento das normas que rexen a convivencia. Informarán ao alumnado do contido nos protocolos e normas e esixirán o seu cumprimento..
- O Equipo Directivo entregará ao novo profesorado unha carpeta de benvida . Dita carpeta estará a disposición de todo o profesorado na páxina web do Instituto. A carpeta de benvida deberá conter, entre outras cousas, a documentación e información básica: horario xeral, protocolo de gardas, xustificantes de faltas,...
- Incluír na Programación Xeral Anual obxectivos de mellora da convivencia e de organización e infraestrutura do Instituto. O Claustro de Profesores establecerá ao inicio do curso as accións precisas para acadar estes obxectivos.
- Formación de grupos de mediación entre o alumnado que actúen na resolución pacífica dos conflitos.
- Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar e o ciberacoso dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a prevelo e a preparen para detectalo, reaccionar e intervir fronte a este.

- Posta en práctica de medidas e/ou programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.
- Aplicación do protocolo de acoso escolar, no que se inclúen diversos tipos de medidas para detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir, aplicando, se é o caso, as oportunas medidas correctoras e/ou sancionadoras.
- Na páxina web do Instituto disporase unha "caixa de suxestións" virtual para facilitar o proceso.
- Organizar concursos internos fomentando a participación activa do alumnado nas actividades propostas no Plan de Actividades Complementarias e Extraescolares. Fomentar a participación en concursos promovidos por institucións alleas ao Instituto.
- Organizar nos recreos o desenvolvimento das actividades deportivas e de lecer que fomenten o desenvolvimento integral das persoas e promovan espazos de convivencia.
- Xeneralizar o uso do taboleiro de aula como medio de difusión de información.
- A xefatura elaborará unha memoria na que se rexistren os principais feitos acontecidos ao longo do curso.

## A Comisión de Convivencia.

**Composición.** Este organismo constitúese no seo do Consello Escolar. Ten carácter consultivo e desempeña as súas funcións por delegación do Consello Escolar.

- Esta composta por representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos, todos eles na mesma proporción na que están representados no Consello Escolar do centro.

- Será presidida pola persoa titular da Dirección do centro, e un dos seus integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará acta das súas reunións.
- O nomeamento das persoas integrantes na Comisión de Convivencia corresponde ao director ou directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen que ser os mesmos, necesariamente.

**Funcionamento.** Realizará unha avaliación ao inicio de cada curso escolar tendo en conta:

- Os datos achegados a partir de enquisas específicamente elaboradas pola propia Comisión.
- A análise a partir de datos procedentes das incidencias ocorridas no curso anterior.
- As propostas que figuran na Memoria anual elaborada pola propia Comisión.
- As achegas proporcionadas por calquera dos sectores da comunidade educativa.
- A partir da análise dos datos da avaliación inicial, introduciranse as modificación oportunas.
- Sen prexuízo de que celebre cantas xuntanzas considere necesario en función das circunstancias concretas de cada curso, manterá un mínimo de tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.
- Nas reunións da Comisión destinadas a revisar o Plan de Convivencia, incorporarase o responsable do Departamento de Orientación, así como a persoa designada para fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

- Sempre que o considere oportuno, poderá solicitar colaboración e asesoramento doutros órganos de coordinación docente.

**Funcións.** Elaborar o Plan de Convivencia. Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do Plan de Convivencia do centro.

Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

Propoñer ao Consello Escolar cantas medidas considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

Propoñer, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación

Coñecer o cumprimento efectivo das medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar ao Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, no que se reflectan as iniciativas a nivel centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.

Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro docente ou polo órgano da administración educativa con competencias na materia.

Se o considera oportuno, poderá solicitar o asesoramento dos profesionais do Departamento de Orientación do centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde se atope o centro educativo ou doutros profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións da contorna que poidan colaborar na mellora da convivencia.

## 5. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

### 5.1. Consideracións previas.

A principal finalidade do establecemento das seguintes normas de convivencia é a de potenciar a adquisición de hábitos de respeito mutuo, así como transmitir e exercitar os valores que fan posible a vida en sociedade nun clima de responsabilidade, de traballo e de harmoniosa e pacífica relación.

As presentes normas de convivencia concretan as faltas, as correccións e os procedementos a seguir no caso de incumprimento dos deberes por parte do alumnado, xa que cando estes aspectos se refiren ás relacións co resto dos membros da comunidade educativa (nais, pais, profesorado, persoal non docente), xa están regulamentadas por leis específicas.

#### 5.1.1. Criterios para a adopción de medidas correctoras.

Na adopción de sancións disciplinarias e de medidas provisionais, se deberán ter en conta os seguintes criterios xerais:

- a) A imposición de sancións terá carácter educativo e procurará mellorar a convivencia no centro.
- b) Deberanse ter en conta, con carácter prioritario, os dereitos da mayoría dos membros da comunidade educativa e os das vítimas dos actos antisociais, agresións ou acoso.
- c) Non se poderá privar a ningún alumno do seu derecho á educación.
- d) Non se poderán impor correccións contrarias á integridade física ou a dignidade persoal do alumno.
- e) Se terá en conta a idade, situación e circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumno, así como calquera outra circunstancia que puidera ter incidido na aparición de condutas ou comisión de actos contrarios ás normas establecidas.
- f) Deberanse ter en conta as secuelas psicolóxicas e sociais dos agredidos, así como a alarma e repercusión social creada polas condutas sancionables.
- g) As sancións serán proporcionais á natureza e gravidade das faltas cometidas e deberán contribuír á mellora do clima de convivencia do centro.

#### **5.1.2. Atenuantes e agravantes da responsabilidade.**

A efectos da tipificación da falta e da gradación das correccións, considéranse **circunstancias atenuantes**: o arrepentimento espontáneo, a ausencia de intencionalidade, a reparación inmediata do dano causado, e o compromiso de colaboración futura.

Son **circunstancias agravantes**: premeditación e a reiteración, o uso da violencia, de actitudes ameazantes, desafiantes ou irrespectuosas, de menosprezo continuado e de acoso dentro ou fora do centro, causar dano, ou ofensa a compañeiros de menor idade ou novos no centro, as condutas que atenten contra o derecho a non ser discriminado por razón de nacemento, raza, sexo, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por padecer discapacidade física ou psíquica, ou por calquera outra condición persoal ou

circunstancia social, os actos realizados en grupo que atenten contra os dereitos de calquera membro da comunidade educativa.

### **5.1.3. Protocolo de actuación para abordar o conflito.**

Tratamento escalonado segundo a tipificación das faltas:

**Falta leve.** O profesor intentará, en primeiro lugar, corrixir a conduta contraria ás normas de convivencia cunha amoestación verbal, ou outra estratexia que non implique un Parte de Incidencias (Protocolo de actuación dentro da aula).

Cando o profesor aplique calquera outra medida correctora das indicadas no Plan de convivencia para este tipo de faltas, cubrirá un Parte de Incidencias que pasará ao Xefe de Estudos, sendo éste o que remitirá unha copia ao titor.

**Falta grave** (polo seu propio carácter ou por reiteración de faltas leves). Por reiteración de faltas leves, cando o Xefe de Estudos reciba tres Partes de Incidencias do mesmo alumno (circunstancia que será comunicada ao titor), considerará a derivación do alumno á aula de convivencia. Ante unha falta grave o profesor cubrirá un parte de incidencias e remitírallo ao Xefe de Estudos (que o porá en coñecemento do titor), quen determinará se debe asistir á Aula de Convivencia no seu caso con imposición da sanción correspondente.

A derivación dun alumno á **aula de convivencia** será sempre con tarefa, indicada polo profesor co que aconteceu a incidencia; de non ser posible, o profesor de garda que estéa na aula de convivencia lle indicará a realización dunha ficha ou traballo dos alí dispostos polos diferentes departamentos para estas situacións, incluídos libros de lectura, aportados pola biblioteca do Centro.

## **5.2. Normas xerais.**

As normas que se establecen de seguido intégranse nas Normas de Convivencia do IES Valadares, sendo por tanto de carácter obligatorio para todo o alumnado, e o seu incumprimento estará suxeito á aplicación de medidas correctoras. Enténdese que estas normas constitúen o mínimo aceptable para o bo funcionamento da convivencia no seo da comunidade educativa.

#### **5.2.1. Normas de organización de centro.**

##### **a) Para profesorado.**

1. Cando saibamos que imos faltar, cadaquén debe anotarse no libro de gardas. Se é un imprevisto, debemos chamar canto antes para comunicalo ao instituto. Así axudaremos ao profesorado de garda e facilitaremos a orde do instituto.
2. Logo de ter faltado, teremos que entregar a xustificación da falta o antes posible.
3. As ausencias por dentista de consultas privadas ou outros profesionais sanitarios (podólogos, fisioterapeutas, psicólogos...) non irán no apartado de citas médicas, senón en asuntos propios ou imprevistos.
4. Sempre que quedemos sen o noso alumnado porque este asiste a algunha actividade complementaria (excursión, saída...) reforzaremos as gardas e apoiaremos na Aula de Convivencia.
5. Se temos garda e non falta profesorado, debemos de atender a Aula de Convivencia.
6. O profesorado de garda de transporte de 1ªhora (ás 8:25) esperará no portalón a que cheguen os autobuses. Supervisará que o alumnado entra no recinto do instituto e pasa polos seus percorridos correspondentes ata a súa aula. Cando chegue o último autobús, entrará a vixiar ao alumnado.

7. O profesorado que teña clase a 3<sup>a</sup> hora, antes do recreo, deixará as aulas pechadas con chave e as luces apagadas, (tamén colaborarán nesta tarefa "ecodelegad@s"), será a última persoa en abandonar a aula.
8. Para temas de disciplina ou calquera cuestión grave abriremos uns foros na aula virtual dentro dos cursos que creamos para cada grupo. Neste foro estará o profesorado do grupo, a orientadora e xefa de estudos. Pídese brevidade e concreción nas mensaxes.
9. As faltas graves de conduta poden quedar escritas neses foros ou no documento escrito que hai para tal fin. Os dous formatos son válidos.
10. Só podemos enviar alumnado á Aula de Convivencia cando cometa unha falta grave de respecto ou de conduta. Sempre o enviaremos acompañado da persoa delegada, con parte escrito e tarefa para traballar nesta aula (non traer material, chegar tarde, falar moito etc non son motivos de expulsión).
11. Poderemos sancionar ao alumnado sen recreo cando o vexamos conveniente (e de forma excepcional, como por exemplo antes de chegar a unha expulsión). Este alumnado estará acompañado de profesorado voluntario e realizando tarefas de mantemento, limpeza, orde, académicas... nas aulas que considere oportuno o profesorado ao cargo.
12. O profesorado será moi rigoroso nos cambios de clase coas faltas de puntualidade e tamén quedarán reflectidas no parte se é o caso.
13. O profesorado pode utilizar os baños do alumnado; mesmo pedimos que se faga de cando en vez para que vexan que podemos entrar e compartir o espazo.
14. O profesorado meterá as faltas das súas clases obligatoriamente no Xade para así axudar e colaborar coas titorías. As conserxes pasarán a 1<sup>a</sup> hora polas aulas para tomar nota das faltas de asistencia do alumnado e chamar posteriormente á casa.

15. Antes de poñer unha data de exame veremos cando hai días libres para non coincidir con outras materias. Non debería haber máis dun exame nun mesmo día (excepto 2ºBach que están adestrándose para as ABAU).
16. O profesorado debe consultar o correo electrónico a diario, xa que o utilizamos como medio principal de comunicación. Utilizaremos o correo corporativo edu.xunta.gal para comunicarnos entre nós e coas familias. Utilizaremos o correo iesvaladares.org para intercambio de tarefas co noso alumnado.
17. Cando haxa algunha incidencia co material informático debemos anotar no libro de incidencias en Conserxería para arranxalas o antes posible e ter o material en bo estado.
18. Lembramos que está prohibido fumar en todo o recinto escolar, interior e exterior, por dar exemplo ao noso alumnado e por respecto ao resto do persoal que se esforza en saír fóra para cumplir a norma.

**a) Para alumnado.**

19. O alumnado permanecerá no hall, escaleiras e pasarela ata que toque o timbre agás o alumnado de bacharelato que estará no corredor do soto.
20. Durante os cambios de clase o alumnado da ESO non pode saír da clase, agás se ten que cambiar de aula. Esperarán dentro da clase a que chegue o profesor ou profesora.
21. O alumnado pode ir aos servizos durante as horas de clase só se é moi necesario. Os baños estarán abertos.
22. O alumnado non poderá ir ao baño durante os 5 últimos minutos das sesións lectivas. Se vai ao baño cara ao final da clase, debe volver antes de que toque o timbre.
23. Agardar ao profesorado na aula e manter a porta aberta; se transcorridos dez minutos non aparecese este nin o profesorado de

garda, o/a delegado/a deberá ir a notificar a ausencia a conserxería.

24. As datas dos exames deberán anotállas as persoas delegadas nos calendarios de clase e levalas á conserxería no recreo, non durante clases ou cambios.
25. Durante o recreo, as cintas estarán pechadas e o alumnado non pode andar polos corredores da planta baixa nin alta. Poderá estar na biblioteca e na zona de xogos de mesa. O profesorado de garda vixiará as zonas interiores e exteriores (campos de deporte, baños exteriores, xardín e patio cuberto).
26. Todas as actividades complementarias son de carácter obligatorio e, daquela, deben ser avaliadas e reflectidas na programación e nas memorias. O alumnado deberá xustificar as posibles faltas a estas actividades e indicar o motivo por escrito entregando igualmente cuberta a autorización. A non participación nestas actividades sen causa xustificada poderá supoñer perder a asistencia a festivais e/ou excursións de fin de curso.
27. O alumnado que participe en actividades ao mediodía do luns terá que traer autorización asinada pola familia. Non pode quedar a comer no centro ninguén sen estar matriculado nunha destas actividades organizadas para o mediodía. Sempre estarán baixo a supervisión dun profesor ou profesora e dalgunha persoa da ANPA.

#### **c) Normas adicionais persoas alleas.**

28. O acceso en coche particular ao recinto do Centro nas horas de entrada e saída, está restrinxido exclusivamente ao persoal que traballa no mesmo.
29. Os antigos alumnos que queiran visitar o Centro en calquera das actividades complementarias que se celebren (Nadal, Entroido, etc..)

deberán presentarse e pedir permiso á Dirección.

### **5.2.2. Normas de obrigado cumprimento por parte do alumnado:**

30. Manter unha actitude correcta na clase, sentarse no lugar que lles corresponda realizando as tarefas lectivas propostas, evitar as actuacións que interrompan o normal decorrer das actividades lectivas e respectar o dereito ao estudo dos demais compañeiros da clase.
31. Tratar con respecto e consideración a tódolos membros da comunidade educativa ao igual que respectar as normas mínimas de educación: chamar á porta antes de entrar, non dar portazos, non cuspir, non xogar nos corredores, non comer nin beber na clase,...
32. Non consumir nin posuír substancias prexudiciais para a saúde: tabaco, alcohol, estupefacientes...
33. O alumnado non pode ter tapada a cabeza durante as clases en espazos interiores (nin gorros, gorras, viseiras, puchos etc).
34. O alumnado non poderá comer chicle durante as sesións lectivas. Sobre as ausencias do profesorado:
  35. Asistir ás clases con regularidade e xustificar, con prontitude, as faltas de asistencia por parte das familias.
  36. Asistir con puntualidade a todas as actividades programadas polo centro, tanto lectivas como complementarias e extraescolares.
  37. Acudir ao centro co material preciso para cada materia.
  38. Coidar de e dar bo uso ás instalacións e materiais do centro: non pintar nas paredes, non estragar as portas, non atascar os baños,...
  39. Reparar os danos materiais e morais causados polas súas condutas contrarias á convivencia, obriga que debe entenderse como medida

educativa no marco do proceso de formación integral do alumnado.

40. Estudar con aproveitamento e realizar as actividades propostas, tanto no horario lectivo como na casa.
  41. Respectar as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa, así como os traballos escolares dos compañeiros expostos ou gardados en dependencias do instituto.
  42. Non suplantar a personalidade doutra persoa, falsificar ou subtraer documentos académicos.
  43. Seguir as indicacións do profesorado e do persoal non docente no exercicio das súas funcións.
  44. Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social, así como respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas ou morais dos membros da comunidade educativa.
  45. Respectar a dignidade e/ou intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.
  46. Asistir ao centro educativo correctamente vestidos e debidamente aseados.
- 47. USO DO TELÉFONO MÓBIL.**

O uso de calquera outro dispositivo electrónico queda limitado aos recreos, nunca nos cambios de clase.

O uso do **teléfono móvil** nun centro educativo está totalmente prohibido para comunicarse, tanto se é co exterior como no mesmo, segundo o Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, do DOG do 27 de xaneiro do 2015. Atendendo a esta normativa, no **IES Valadares queda totalmente prohibido o seu uso dentro do recinto escolar**, tanto

**na entrada, na saída, nas clases, nos cambios de clase ou no recreo.**

De traer ó móvil ao centro, deberá estar SEMPRE APAGADO E DENTRO DA MOCHILA. O seu uso na aula só poderá ser como ferramenta de traballo, no caso de que así o permita o profesor. Se incumpren esta norma, o móvil será entregado e custodiarase en Xefatura ata as 14:15 que poderán recollelo. O profesor/a enviará un abalar ou chamará á familia avisando do sucedido.

- Cando o alumnado necesite chamar á casa, ten o teléfono do centro en conserxería á súa disposición previa petición. Do mesmo xeito, as familias comunicaranse coas súas fillas e fillos a través do teléfono do instituto e non polos privados.
- Para dar exemplo ao alumnado, o profesorado non debe utilizar o móvil para uso privado polos corredores, nas aulas ou polos espazos comúns.
- Non debemos comunicarnos en ningún caso por whatsapp co noso alumnado.

#### **5.2.3. Ámbito de aplicación das normas de conduta.**

As normas de conduta establecidas no presente Plan de Convivencia, e reflectidas nas Normas de Convivencia aprobadas polo Consello Escolar, son de aplicación:

- a) Dentro do recinto escolar.
- b) Durante a realización de actividades complementarias e extraescolares; así como durante a realización de servizos educativos complementarios (transportes,...).
- c) Fora do recinto escolar, cando a infracción das normas de convivencia teña a súa orixe ou estea relacionada coa actividade escolar e/ou

afecte a membros da comunidade educativa (entradas, saídas, autobuses, paradas dos autobuses, inmediacións...)

### 5.3. Conductas leves contrarias á convivencia. Faltas leves.

Teñen carácter de faltas leves aquelas infraccións das normas de convivencia establecidas no Plan de Convivencia cando, pola súa entidade, non cheguen a acadar a consideración de faltas graves ou moi graves.

Serán **faltas leves** as seguintes condutas:

1. Reincidencia en amoestacións, escritas ou verbais, por falta de puntualidade.
2. O deterioro non grave das instalacións ou materiais pertencente á comunidade educativa causado de xeito intencionado (deterioro non grave: aquel que non impide o uso do obxecto).
3. Permanecer na aula ou nos corredores durante o recreo sen xustificación.
4. Permanecer nos corredores nos cambios de clase ou nos recreos, ou outros espazos do centro diferentes ao lugar que lle corresponde estar ao alumno.
5. Arroxar obxectos ao chan ou cuspir.
6. Pintar, escribir ou ensuciar levemente as paredes ou o mobiliario do Centro.
7. Manter acendidos, utilizar e/ou exhibir dispositivos electrónicos que permitan a gravación de sons ou imaxes sen autorización do profesor.
8. Utilización do móvil nos cambios de clase, ou nas aulas para comunicarse e non como ferramenta de traballo, autorizada polo profesor.

9. Uso de altofalantes conectados aos móbiles para escutar música nos corredores do centro.
10. Comer ou mascar chicles ou lambetadas na clase; así como, introducir bebidas (agás auga mineral, se é preciso).
9. Non traer o material axeitado para realizar as actividades lectivas propostas de forma reiterada.
10. O comportamento indiferente cara ás actividades lectivas na clase.
11. A disruptión de intensidade leve dentro da aula.
12. Facer caso omiso das indicacións do persoal docente e non docente do Centro no exercicio das súas funcións.
13. Non gardar as debidas normas de seguridade e hixiene establecidas nas aulas ou calquera outro espazo do Centro.

#### **5.3.1. Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia:**

- a) Amoestación verbal ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que desempeñe a Xefatura de Estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo na aula de convivencia, tras a comparecencia na Xefatura de Estudos
- d) Realización en horario non lectivo de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro e, se procede, destinadas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa (limpeza de mesas, recollida de papeis, arranxo ou reposición dos obxectos deteriorados).

- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares do centro.
- f) Cambio de grupo.
- g) Suspensión do dereito de asistir a determinadas clases ou ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo da suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para non interromper o proceso formativo.
- h) Na utilización incorrecta dos móbiles, se lles retirará o aparato ata que sexan os pais ou titores os que veñan **ao día seguinte, despois de comunicalo o alumno na casa**, a recollelo para lles comunicar así o incumprimento das normas.
- i) O mesmo ocorrerá cos altofalantes, se os empregan no interior do edificio, e fora do tempo de recreo.
- j) No caso particular de representantes do alumnado, aplicaranse a seguinte medida: un alumno que teña varias sancións ou apercibimentos, perderá o dereito a ser o delegado da clase, pois se considera que non é un bo exemplo nin un candidato axeitado para representar ao grupo. O mesmo ocorrerá cos representantes do Consello Escolar.

### **5.3.2. Axentes competentes para impoñer as medidas correctoras:**

1. O profesorado, oído o alumno ou alumna, no caso das medidas previstas nos apartados **a, b, c**. O profesorado titor, tamén no caso do apartado **d**. A decisión deberá ser comunicada á Xefatura de Estudos.
2. A persoa que ocupe a Xefatura de Estudos ou a persoa titular da Dirección do centro, oído o alumno/a e o seu profesor/a titor/a, no caso das medidas previstas nos apartados **a, c, d, e, f**.

3. O equipo directivo do centro, oído o alumno/a e o seu profesor/a titor/a, no caso das medidas previstas no apartado **g**.
4. A imposición das medidas correctoras contempladas nos apartados **d,e,f, g** serán comunicadas á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas.
5. As resolucións que impoñen as medidas correctoras das faltas leves poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executadas.

#### **5.3.3. Prescripción das condutas leves contrarias á convivencia**

As condutas leves contrarias á convivencia prescriben ao mes da súa comisión. O prazo comeza a contar desde o día en que se cometa a falta, agás cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescripción non comeza a computar mentres aquela non cese.

#### **5.3.4. Prescripción das medidas correctoras**

As medidas correctoras das condutas contrarias ás normas de convivencia do centro consideradas leves prescriben aos catro meses da súa imposición. Figurarán no expediente a efectos de considerar como reincidencia as faltas similares cometidas posteriormente, pero prescribirán definitivamente á finalización do curso escolar.

### **5.4. Condutas gravemente perxudiciais para a convivencia. Faltas graves.**

Teñen carácter de **faltas graves** as seguintes:

1. As faltas de asistencia, que a xuízo do titor e/ou Xefe de Estudos, non estean debidamente xustificadas segundo o seguinte baremo:

Sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores, se establece o límite de un 20% de faltas de asistencias sen xustificar en cada materia e nivel para que un alumno perda o dereito á avaliación continua. Os Departamentos Didácticos deberán establecer os sistemas extraordinarios de avaliación para os alumnos nesta situación. O 10 % de faltas de asistencia mensual sen xustificar dará lugar a apertura do *Protocolo de Absentismo*.

2. As condutas que impidan ou dificulten aos outros compañeiros, o exercicio do dereito á educación e/ou o cumprimento do deber do estudo.
3. Os actos graves de indisciplina, desconsideración, insultos, faltas de respeito ou actitudes desafiantes, cometidos cara ó profesorado e demais membros da comunidade educativa.
4. O uso da violencia, as agresións físicas ou verbais, as ofensas graves e os actos que atenten gravemente contra a intimidade ou os bos costumes sociais contra os compañeiros e demais membros da comunidade educativa.
5. Os actos de indisciplina e os que perturben o normal desenvolvimento das actividades do centro e se consideren graves.
6. Os danos causados, intencionadamente ou por uso indebido, nas instalacións, materiais e/ou documentos do centro ou pertenzas doutros membros da comunidade educativa, e que dificulten o uso normal dos mesmos.
7. A incitación ou estímulo á comisión dunha falta contraria ás Normas de conducta.
8. A reiteración nun mesmo trimestre de varias faltas leves.
10. O incumprimento da corrección imposta, ou sanción.
12. O acoso físico ou moral aos compañeiros.

13. A discriminación, as vexacións ou humillacións a calquera membro da comunidade educativa por razóns de nacemento, raza, sexo, crenza, orientación sexual, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
15. A gravación, publicidade ou difusión, a través de calquera medio ou soporte, de agresións ou humillacións cometidas.
16. A suplantación da personalidade e a falsificación ou substracción de documentos académicos.
17. O uso, a incitación ao mesmo ou a introdución de obxectos ou substancias prexudiciais para a saúde ou perigosas para a integridade dos membros da comunidade educativa.

#### **5.4.1. Medidas correctoras.**

##### **a) Responsabilidade e reparación dos danos.**

Os alumnos quedan obrigados a reparar os danos que causen, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por neglixencia, ás instalacións, aos materiais do centro e ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación.

Así mesmo, estará obrigado a restituír, no seu caso, o subtraído. Os pais ou representantes legais asumirán a responsabilidade civil que lles corresponda nos termos previstos pola Lei.

No Regulamento de Réxime Interior se poderán fixar aqueles supostos excepcionais nos que a reparación material dos danos poida substituírse pola realización de tarefas que contribúan ao mellor desenvolvemento das actividades do centro, ou á mellora do entorno ambiental do mesmo. A reparación económica non eximirá da sanción.

Neste sentido, engádese unha lista de posibles actividades de servizo á comunidade no Instituto que supoñan un traballo para o alumno sancionado.

Este sería o caso para aquelas accións nas que o traballo comunitario poida eximir doutro tipo de medidas tales como expulsións fora do centro ou reparación do dano exercido ao conxunto da institución. Entre estas posibilidades pódense incluír:

- Limpeza de certas zonas ou dependencias do centro.
- Axuda en tarefas de coidado da contorna, replantación, corte de céspede, etc, todas elas relacionadas co coidado dos xardíns.
- Pintar ou limpar paredes.
- Apoiar á conserxería en tarefas xerais: grapar, arquivar, colocar, etc.
- Axudar á instalación ou traslado de mobiliario lixeiro.
- Axudar en tarefas académicas a outros compañeiros.
- Supervisar o paso nalgunhas dependencias doutros alumnos.
- Decorar con posters ou debuxos zonas deterioradas.
- Calesquera que sexan necesarias nun momento dado e que non atenten contra a dignidade da persoa.

Por outra parte, cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral aos seus compañeiros ou demais membros da comunidade educativa, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade nos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que determine o órgano competente para impor a corrección.

**b). Procedemento sancionador.** Axustarase á normativa legal vixente.

## **6. ACTUACIÓNES FORMATIVAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA ESCOLAR.**

As necesidades de formación do profesorado serán propostas ao equipo directivo pola CCP. Polo que se refire ás necesidades de formación do alumnado e das súas familias poderán ser propostas pola Comisión de Convivencia, pola xunta de delegados e polas ANPAS.

Das necesidades de formación que se determinen darase traslado ao centro de formación do profesorado. Entre as posibles actuacións de carácter formativo destacamos as seguintes:

- Participación do profesorado, tanto a título individual como de pequeno e gran grupo, en programas e actuacións que ofreza a Consellería e outras entidades relacionados coa convivencia escolar: encontros, xornadas, cursos...
- Participación do alumnado en programas educativos organizados polo Departamento de Orientación do Centro, especialmente os relacionados con: prevención de drogodependencias, educación en valores, educación para a igualdade, programas de prevención de violencia de xénero...
- Realización de actividades para o alumnado, profesorado e nais e pais do alumnado pola Policía Nacional ofertadas a través da Inspección sobre temas de acoso escolar, consumo e tráfico de estupefacientes e sobre os riscos asociados a internet e as novas tecnoloxías.
- Cursos de resolución de conflitos dirixidos ao profesorado e ás familias do alumnado, impartidos por profesionais externos.
- Elaboración de materiais para a concienciación da necesidade de fomentar a convivencia entre toda a comunidade escolar.

-Celebración de datas especialmente relacionadas coa convivencia, tales como o Día da Paz, o Día da Muller, o Día dos Dereitos Humanos, o Día dos Dereitos da Infancia...

-A través da xunta de delegados, tratar de conseguir maior implicación no deseño de actividades e establecer responsables para cada unha delas.

- Estableceranse quendas de limpeza das zonas comúns entre todos os grupos do centro para garantir o bo estado destas zonas e así acadar unha implicación activa por parte de todo o alumnado, facéndolle correspondentes responsables do bo uso e mantemento das instalacións do centro.

## **7. ESTRATEGIAS PREVENTIVAS, DE SENSIBILIZACIÓN E DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.**

### **a. Actuacións preventivas**

-Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen.

-Actividades de acollida para o alumnado dos centros adscritos que constan no plan de transición Primaria-ESO (mes de xuño e mes de setembro).

-Promoción da convivencia a través do **Plan de Acción Titorial**:

-Programa de habilidades sociais, que forman parte do Plan de Acción Titorial, a impartir na hora da titoría lectiva na ESO.

-Actividades encamiñadas a facilitar a integración e participación do alumnado: asembleas nas aulas nas que se establecerán diálogos para abordar cuestiós que poidan supoñer a aparición de conflitos.

-Actividades dirixidas a favorecer a relación entre as familias e o centro educativo: fomentar as titoría e dar a coñecer ás familias o acordado cos seus fillos.

**b. Actividades de sensibilización**, dirixidas a todos os sectores da comunidade educativa e, dun modo especial, ao profesorado, ao alumnado e as súas familias.

-Sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.

-Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres: coñecer a biografía de mulleres destacadas en calquera campo...

-Actividades dirixidas á sensibilización do alumnado fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais e as súas consecuencias: realizar simulacros de situación de violencia de calquera índole, teatro, visionado de vídeos e celebración de debates. Colaboración con axentes externos.

-Participación en obradoiros destinados a evitar a discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

## Aula de convivencia

Entendemos que este espazo debe servir para dar resposta a tres obxectivos: como espazo de reflexión, de traballo e como observatorio periódico da convivencia. Ademais, a esta aula pode ser destinado aquel alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras e/ou reeducadoras, estivese temporalmente privado do seu derecho de asistencia ao centro, para os efectos de favorecer o seu reingreso no menor tempo posible.

Sempre que as dispoñibilidades do persoal o permitan, a aula de convivencia será atendida polo profesorado de garda que tamén colaborará na realización das tarefas escolares encomendadas.

No caso do alumnado que foi obxecto dun expediente sancionador e que presenta problemas condutuais de forma reiterada, realizará as actividades reeducadoras, impartidas polo departamento de orientación, no horario que se determine na resolución do seu expediente disciplinario.

A Dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado ou emancipada.

## 8. MEDIDAS CORRECTORAS NO TRANSPORTE ESCOLAR

Nas viaxes de autobús, a ou dende, o instituto seguen a estar vixentes as normas de convivencia do centro. Os alumnos deben ir sentados no seu asiento, sen compartilo, non de pé, non gritar nin distraer ao condutor, comportarse correctamente cos compañeiros, sen insultos nin pelexas.

**Se algúñ alumno incumpre estas normas de forma reiterada, será sancionado sen utilizar o autobús de un día ata unha semana, segundo a gravidade do seu comportamento, sendo a familia a encargada do seu transporte ao instituto.**

## **9. MEDIDAS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMIENTO DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.**

A suma da experiencia propia e a transmitida por docentes doutros centros permítenos concluir que o repertorio de acoso está a incorporar novas prácticas. O ámbito físico escolar onde tradicionalmente se iniciaba está vixiado polo profesorado e os acosadores elixen para iniciar a súa actuación o espazo libre das redes sociais. Cada vez é máis frecuente que o comezo do acoso non se produza nos centros, en consecuencia a capacidade do profesorado para detectar o seu inicio é moi escasa, xa que a súa visibilización non se manifesta no espazo físico escolar. Para evitalo prevense as seguintes medidas: a creación da figura do compañeiro/a colaborador, a reunión con xefatura de estudos de implicados e familiares, o desenvolvemento de campañas, talleres e charlas de sensibilización, o desenrollo do *Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso*, publicado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no 2013, no enlace: [http://www.edu.xunta.es/centros/iesdevalga/system/files/u8/Protocolo\\_xeral\\_acoso\\_escolar.pdf](http://www.edu.xunta.es/centros/iesdevalga/system/files/u8/Protocolo_xeral_acoso_escolar.pdf)

## **10. COLABORACIÓN CON ENTIDADES E RECURSOS DA CONTORNA.**

Con carácter xeral, establecerase:

- Colaboración cos servizos sociais do Concello
- Colaboración co Servizo de Menores da Xunta de Galicia, cando se estime necesario.

- Solicitud de intervención/derivación de profesionais especializados.
- Colaboración con ONGs. ( Programa na Rúa, Cáritas, Abertal, ...)
- Utilización dos recursos da contorna: actividades organizadas no Centro Cultural de Valadares, visitas e propostas dende as empresas do Parque empresarial próximo ao noso Centro, ou actividades no Campus Universitario de Vigo.

## **11. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

Para que sexa coñecido por toda a comunidade educativa, o Plan de Convivencia será divulgado, basicamente, a través de dous medios: a páxina web do instituto e os exemplares impresos depositados nos despachos da Dirección e da Xefatura de Estudios e na sala de profesores/as

No primeiro Claustro de cada curso, o equipo directivo informará dos aspectos más relevantes do Plan de Convivencia, en especial, do protocolo de acoso escolar. O profesorado que se incorpore unha vez iniciado o curso será informado pola Xefatura de Estudos.

## **12. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

Para realizar o seguimento e a avaliación da convivencia escolar, a Comisión de convivencia reunirase as veces establecidas e terase en conta:

- A memoria anual que realice a Comisión de Convivencia, que reflectirá datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación, así como as propostas de mellora que se consideren necesarias. Esta memoria será aprobado polo Consello Escolar e formará parte da memoria anual do centro. Entre os indicadores que debería contemplar a memoria están:

- O grao de consecución dos obxectivos.

- O grao de coñecemento, implicación e satisfacción da comunidade educativa.
- O nivel de aproveitamento dos recursos materiais, humanos e organizativos.
- Calidade e funcionamento das actuacións e materiais elaborados.
- A memoria anual que elabore o Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **12. ANEXOS**

### **ANEXO I**

#### **CUESTIONARIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR NO CENTRO EDUCATIVO**

Cuestionario para ser cuberto polo profesorado, o alumnado, as familias e o persoal non docente para logo comparar as distintas visións e articular medidas integrais de mellora da convivencia.

A avaliación de necesidades completarase con entrevistas abertas aos distintos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e de asociacións integrados no Observatorio de Convivencia. Ademais, farase unha análise cualitativa dos partes de faltas das distintas clases así como dos expedientes sancionadores a alumnos. A elaboración da síntese desta información e das correspondentes propostas de mellora corresponderalle ao Observatorio de Convivencia.

**1. Valoración global da convivencia: segundo a seguinte escala valorativa:**

CLAVE: 1( moi malo), 2 (malo), 3 (regular), 4 (normal), 5 (bo), 6 (moi bo), 7 (excelente).

**2. Como valora os seguintes aspectos da convivencia no seu centro?**

CLAVE: 1( moi malo), 2 (malo), 3 (regular), 4 (normal), 5 (bo), 6 (moi bo), 7 (excelente).

- O clima de traballo e as relacións entre o profesorado 1 2 3 4  
5 6 7
  - As relacións co equipo directivo 1 2 3 4 5 6 7
  - As relacións do profesorado co alumnado 1 2 3 4  
5 6 7
  - As relacións do alumnado co profesorado 1 2 3 4  
5 6 7
  - As relacións entre o alumnado 1 2 3 4 5 6 7
  - As relacións do profesorado coas familias 1 2 3 4  
5 6 7
  - As relacións das familias co profesorado 1 2 3 4  
5 6 7
  - As relacións do persoal non docente co resto da comunidade educativa 1 2 3 4 5 6 7
  - As relacións da comunidade educativa co contorno escolar 1 2 3 4  
5 6 7
  - As relacións do centro cos servizos sociosanitarios 1 2 3 4  
5 6 7
  - As relacións coa Administración educativa 1 2 3 4  
5 6 7

3. Con que frecuencia se producen conflictos nos seguintes ámbitos?

CLAVE: 1 (nunca), 2 (moi pouco), 3 (pouco), 4 (algunhas veces), 5 (bastantes veces), 6 (moitas veces), 7 (sempre).

- |  |               |
|--|---------------|
| Entre o profesorado e o equipo directivo | 1 2 3 4 5 6 7 |
| Entre o profesorado                      | 1 2 3 4 5 6 7 |
| Entre profesorado e alumnado             | 1 2 3 4 5 6 7 |
| Entre alumnado                           | 1 2 3 4 5 6 7 |
| Entre o profesorado e as familias        | 1 2 3         |
| 4 5 6 7                                  |               |
| Entre pais/nais e fillos/as              | 1 2 3 4 5 6 7 |

Entre as familias	1 2 3 4 5 6 7
Entre o centro escolar e a administración educativa	1 2 3 4 5 6 7
Entre o centro escolar e o concello	1 2 3 4 5 6 7
En relación co persoal non docente	1 2 3 4 5 6 7

4. Cales dos seguintes conflitos se teñen producido con máis frecuencia no centro nos últimos anos?

CLAVE: 1 (nunca), 2 (moi pouco), 3 (pouco), 4 (algunhas veces), 5 (bastantes veces), 6 (moitas veces), 7 (sempre).

Agresións verbais entre alumnado	1 2 3 4 5 6 7
Agresións físicas entre alumnado	1 2 3 4 5 6 7
Agresións verbais de profesorado a alumnado	1 2 3 4 5 6 7
Agresións físicas de profesorado a alumnado	1 2 3 4 5 6 7
Agresións verbais de alumnado a profesorado	1 2 3 4 5 6 7
Agresións físicas de alumnado a profesorado	1 2 3 4 5 6 7
Intimidación e acoso entre alumnado	1 2 3 4 5 6 7
Problemas entre o profesorado	1 2 3 4 5 6 7
Vandalismo ou deterioro grave nas cousas	1 2 3 4 5 6 7
Roubos	1 2 3 4 5 6 7
Problemas co consumo de drogas	1 2 3 4 5 6
7	
Condutas disruptivas nas aulas (interromper a clase)	1 2 3 4 5 6 7
Indisciplina (insultos, malas contestacións, falta de respeito)	1 2 3 4 5 6 7
Acoso sexual	1 2 3 4 5 6 7
Absentismo e deserción escolar	1 2 3 4 5 6 7

5. Na súa opinión, ¿cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no centro educativo?:

CLAVE: 1 (nada), 2 (moi pouco), 3 (pouco), 4 (algo), 5 (bastante), 6 (moito), 7 (moitísimo ou a que más)

Reforzar a disciplina no centro	1 2 3 4 5 6 7
Consensuar normas entre o alumnado e o profesorado	1 2 3 4 5 6 7

Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado	1 2 3 4 5 6 7
Unificar os criterios de actuación entre o profesorado	1 2 3 4 5 6 7
Darlle más participación ás familias na xestión do centro	1 2 3 4 5 6 7
Colaborar cos servizos sociais, de saúde e asociacións	1 2 3 4 5 6 7
Mellorar as relacións entre profesorado e familias	1 2 3 4 5 6 7
Mellorar as condicións de traballo do profesorado	1 2 3 4 5 6 7
Facer grupos de alumnado máis reducidos	1 2 3 4 5 6 7
Mellorar os recursos do centro educativo	1 2 3 4 5 6 7
Formar ao profesorado sobre resolución de conflitos	1 2 3 4 5 6 7
Informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos	1 2 3 4 5 6 7
Facer grupos de mediación en conflitos nos centros	1 2 3 4 5 6 7
Adaptar o currículo ás necesidades do alumnado	1 2 3 4 5 6 7
Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa	1 2 3 4 5 6 7

## ANEXO II

### AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Para avaliar o Plan de convivencia tómanse como referente as actuacións

Actuación	Responsables	Prazo	Recursos	Grao de consecución	OBSERVACIÓN		
				1	2	3	
							Data:
							Data:
							Data:
							Data:
							Data:

marcadas. Cada unha delas debe ter persoas responsables (individualmente, equipos, grupo formado para este fin...) e uns prazos para facelo. Rematados os prazos analízase o grao de consecución.

CLAVE: 1- Rematado; 2- En proceso; 3- En inicio